

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005  2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Micromitos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Micromitos 120: O Vákner

En outubro de 1485 o bispo armenio Mártir peregrinou a Roma, despois a Compostela e desde aquí a Fisterra. En Galicia pasou 84 días do ano 1492 e de todo o seu periplo que durou máis de seis anos deixou memoria nun breve escrito que sería traducido ao español en 1898 co título *Relación de un viaje por Europa con la peregrinación á Santiago de Galicia, verificado á fines del siglo XV por Mártir, obispo de Arzendjan*.

Estando nos Montes de Buxantes, Dumbría, «púxenme en camiño e cheguei á extremidade do mundo, á praia da Santa Virxe, a un edificio que foi construído pola propia man do apóstolo san Pablo (sic) e que os francos chaman santa María de Fisterra. Padecín moitos traballos e fatigas nesta viaxe, na cal topei con gran cantidade de bestas moi perigosas». E engade que entre esas malas bestas «encontramos o Vákner, animal grande e moi daniño».

Segundo J. L. Pensado, o Vákner, animal fabuloso, foi creado pola igrexa para desterrar un culto pagán. Aurora Lestón Mayo considérao un dragón como o 'fáfner' citado na Biblia.

Publicación: *Nós Diario*, 17 de febreiro de 2021.